

LEDICIA COSTAS Escritora

“Os certames literarios son un motor que alenta a creación nos rapaces”

{Vigo, 1979} Na décima edición do concurso Novos Talentos Premio Relato Curto, organizado por Coca-Colca en convenio con Política Lingüística, desenvólvense hoxe unhas xornadas literarias destinadas ao profesorado, no Pazo de San Roque en Santiago de Compostela, onde participa a escritora viguesa. *Foto: Eduardo Castro Bal*

BRAIS FERNÁNDEZ
Santiago

Cal é a súa función dentro destas xornadas literarias que organiza Coca-Cola?

Coincidindo co décimo certame de relatos que Coca-Cola organiza para procurar talentos literarios en segundo da ESO, fan unhas xornadas para profesorado, grazas a un convenio entre a Fundación Coca-Cola e Normalización Lingüística da Xunta de Galicia.

Neste evento, participaremos a escritora Rosalía Fernández Rial, que fará un obradoiro, e máis eu, cunha charla coa que tentaremos dotar ao profesorado de ferramentas para traballar nas aulas a creación literaria.

Analizando a situación dos colexios, cre que as novas tecnoloxías inflúen negativamente nos nenos á hora de ler?

Hai xente que di que os alumnos e a rapazada non len, pero eu defendo o contrario. Creo que len moito máis do que se lía na miña época e que non afectaron as novas tecnoloxías. Cando eu era alumna de Secundaria tamén había videoxogos, non había internet pero si consolas e demais, e escoitábase o mesmo que agora.

A miña experiencia nos institutos de educación Secundaria díme que a rapazada si que le, de feito, moitas veces, a min recoméndanme lecturas que eu non coñezo, non en todos os casos, pero si que o nivel lector é moi alto e en todos os grupos sempre hai algún rapaz ou rapaza que ten ganas de escribir e que lle gusta o tema da escrita.

Como cre que se pode incentivar a capacidade lectora para que os rapaces se interesen polo mundo dos libros?

Ao mellor ofrecéndolle a posibilidade de que poida escoller dentro dunha listaxe aberta de obras. Que eles poidan elixir aquela obra, pola



“Creo que agora lese moito máis do que se facía na miña época. Ás veces, os rapaces recoméndanme libros que eu non coñezo”

“Unha nena ou neno que ve un libro como algo cotiá no seu día a día vai ser unha persoa adulta lectora, seguro”

súa sinopse ou pola temática que trata, que máis os convence. Obras que poden relacionar con outras disciplinas como a música, o cine ou outros libros e series que ven hoxe en día. Creo que ese é o vehículo.

Pensa que asociar a lectura a unha obrigatoriedade ten un efecto negativo nos rapaces?

Creo que se pode inculcar o hábito lector, o que pasa é que o que ven como unha obriga provoca certo rexeitamento.

Hai que buscar a habilidade para facelo de tal maneira que polo menos o que se lles oferte lles resulte atractivo, que se combinen ambas cousas.

A lectura si que ten que ser obrigatoria, porque teñen que coller ese hábito, pero hai que facelo dunha maneira atractiva e, sobre todo, con libros que a eles lles poidan emocionar, con mover, cos que se poidan sentir identificados. Hai moitas vías para facelo e diso falaremos hoxe.

Que importancia ten para o futuro que os pais e nais lle inculquen dende pequenos aos nenos a costume de ler un libro?

Moito. Unha nena ou neno que ve aos pais implicados, con libros nas mans, sendo este un obxecto que non lles é alleo, senón que está inxerido na súa vida cotiá e familiar, van ser persoas adultas lectoras segu-

ro. Ao mellor hai algúns anos que polo que sexa, universidade ou estudos, len menos, pero é un lector para o futuro seguro, pero para iso hai que gañalos dende o principio.

No seu caso, como xurdiu a súa inspiración creativa sendo aínda unha adolescente?

Era unha nena superlectora, lía moitísimos libros. A miña casa estaba chea deles e dou grazas de ter sorte. Logo funme presentando aos concursos literarios ata que me convertín en escritora.

Cando era pequena participei neste mesmo certame e gardo un moi grato recordo diso. Iniciativas dese tipo alentan moito a rapazada que quere escribir. O tema dos concursos doulle unha grandísima importancia. Eu estou aquí e son escritora polos libros que lin e polos certames aos que me fun presentando.

Polo que di, está convencida que concursos como este son importantes para que os novos escritores se sintan valorados?

Nese senso, os concursos literarios son un motor que alenta a creación. Se ti gañas un, ese ánimo que che ven porque recoñeceron o teu traballo é moito e é probable que te apuntes a outro e despois a outro máis e así vas entrando nesa roda que provoca que sigas escribindo.

E por último, falando un pouco de vostede, cóntenos que Leticia Costas nos deparará o futuro? Teremos novas súas pronto?

A principios de febreiro estará nas librerías *As peripecias de Extravaganza Pérez*, que edicións xerais saca na súa versión comercial e que é un libro que escribín para o salón do libro de Pontevedra.

Por outro lado, estou traballando nunha novela para adultos que espero rematar neste primeiro semestre e a ver cando se publica.

CARRERA LITERARIA

INICIOS. Licenciada en Dereito en Vigo, Leticia Costas comezou a súa relación coa escrita dende moi xove, sendo unha autora versátil que transita temas diversos estilos e xéneros. A súa primeira novela publicada foi *Unha estrela no vento* (Edicións Xerais 2000), libro que escribiu cando era unha adolescente e que actualmente vai pola 17ª edición.

PREMIOS. Nos últimos anos, recibiu importantes recoñec-

mentos como o Premio Merlín de literatura infantil, o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil no ano 2015, o Premio Lazarillo de creación literaria nese ano, o Premio Fervenzas Literarias á mellor obra de literatura xuvenil do 2016 e o Premio Losada Diéguez de creación literaria nese mesmo ano. Ademais, *Escarlata* foi seleccionado para formar parte da prestixiosa Lista de Honra do Ibbv no Congreso Internacional celebrado en Auckland.